Nos últimos meses tense producido unha inusual perda do volume de mercadorías no porto de Vigo. A modo de exemplo e, segundo datos de Puertos del Estado, o ano pasado desviáronse ao porto luso de Leixões máis de 57.000 toneladas de pesca conxelada que antes chegaban a Vigo.

Por outra banda, tamén puidemos coñecer a través da prensa que varias axencias de exportación de países como Sudáfrica, Marrocos ou Arxentina, colocaron ao porto galego nunha lista negra polas numerosas trabas á hora de desembarcar mercadoría.

Consultado ao sector, existe un gran malestar polo xeito en que os funcionarios do Punto de Inspección Fronteiriza desenvolven o seu traballo. Segundo nos transmiten, e polo que vemos na prensa, é frecuente que as mercadorías queden paralizadas sine die no control, producíndose un importante tapón neste punto. Isto provoca que moitas empresas deriven a Portugal os seus buques, onde é máis sinxelo descargar e sen o medo a que o produto quede inmovilizado, a pesar de que os custes de xestión sexan maiores que facelo en España.

Sabemos que a Autoridade Portuaria de Vigo da man do seu presidente, Enrique López Veiga, encargou unha enquisa para

distribuír entre os usuarios do porto co obxectivo de realizar un mapa completo da situación actual e de identificar de xeito preciso os problemas que existen en relación ás inspeccións.

Tamén somos coñecedores que o presidente da Autoridade Portuaria viaxará proximamente a Sudáfrica e Marrocos para promocionar as vantaxes do porto de Vigo e recuperar a confianza dos xestores das mercadorías destes países.

Debe ser un interese común que recuperemos na maior brevidade posible o volume dos tráfico portuarios en Vigo, e por todo isto, Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia :

Instar aos Ministerios de Sanidade e de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente a que revisen o funcionamento do Punto de Inspección Fronteiriza no Porto de Vigo e se tomen as medidas oportunas para mellorar a eficiencia, seguridade e axilidade das operacións portuarias.

Santiago de Compostela 10 de Enero de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/01/2017 10:56:18

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Carlos Enrique López Crespo na data 10/01/2017 10:57:27

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2017 10:57:40

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2017 10:58:00

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2017 10:58:19

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/01/2017 10:58:42

María Ángeles García Míguez na data 10/01/2017 10:58:54

Marta Rodríguez Arias na data 10/01/2017 10:59:13

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado, **Francisco Casal Vidal**, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de instar á empresa pública Navantia a establecer un centro de compras descentralizado no seu complexo Ferrol-Fene dentro do necesario plan industrial destes estaleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa pública Navantia está a sufrir as consecuencias dunha pésima xestión empresarial froito dunha política dun goberno e dun partido (o PP) que rexeita o carácter público deste estaleiro e que, polo tanto, renuncia a intervir para salvagardar un sector estratéxico con potencialidades extraordinarias para o desenvolvemento social, económico e industrial do noso país. A centralización da xestión e a imposición dunha estrutura organizativa e funcional equivocada, sumada á incapacidade da área comercial para conseguir novas contratacións e á negativa do Goberno a avanzar investimentos produtivos e programas de construción que dependen del, configuran unha intervención política errática causante da evidente falta de rumbo vixente nunha empresa e sector fundamentais para a industria galega. O estrangulamento que os gobernos do PP provocan aos estaleiros públicos da ría de Ferrol comporta ademais neste territorio unha brutal desfeita socioeconómica, despois de sucesivas reconversións frustradas, vetos europeos e abandono por parte dos gobernos de turno.



Por todo iso, resulta urxente desenvolver unha ferramenta clave para desenvolver o futuro dos estaleiros públicos da ría de Ferrol que se concretaría na aprobación dun Plan Industrial, que sexa acordado coa representación sindical do persoal e con todos os axentes que participan na cadea de valor. Non se pode continuar aprazando a negociación deste plan.

Un Plan Industrial que ten que desenrolar diversas liñas forza que iremos desenvolvendo en sucesivas Propostas non de lei.

Unha das principais ten relación coa desafortunada e trasnoitada decisión da dirección de Navantia de centralizar en Madrid as compras e os aprovisionamentos de todos os estaleiros, afastando e burocratizando a toma de decisións de onde se producen as necesidades e onde se desenvolve o traballo, o que provoca un sen fin de disfuncións e atrasos inxustificados.

O argumento do aforro de custos era comprensible en sistemas produtivos do século XX que non podían dispor das ferramentas informáticas adecuadas para permitir unha óptima coordinación dun sistema de compras e aprovisionamentos descentralizados.

Unha estrutura orgánica descentralizada na que a maioría das decisións da Dirección de Materiais tómanse a nivel de planta ou división, aínda que mantendo un coordinador de aprovisionamento a nivel corporativo responsable da estratexia de aprovisionamento global de toda a compañía.

A nivel de planta descentralízanse grupos de aprovisionamento que, a medida que pasa o tempo, desenvolven os coñecementos e habilidades necesarias para interactuar con todo tipo de subministradores. Iso conduce a un desenvolvemento máis rápido da dirección de materiais a nivel de planta e a unha integración máis rápida de subministradores locais no proceso de fabricación. Isto é un aspecto decisivo e importantísimo para garantir o desenvolvemento dunha industria



auxiliar na contorna física do estaleiro, que desta maneira veríase fortalecida para desenvolver, ademais do seu traballo principal, actividades de innovación que lles permitisen acceder a outros mercados internacionais e a outras actividades conexas. Un exemplo paradigmático deste tipo de estratexias é o da industria auxiliar de compoñentes creada ao redor da factoría de PSA en Vigo.

As corporacións onde a interacción e implicación do subministrador é crítica para a fabricación e o desenvolvemento do produto, ou que teñen frecuentes cambios de deseño nos seus compoñentes, son mellor xestionadas por unha estrutura organizativa de aprovisionamento descentralizada.

Unha estrutura que permitiría:

- Ordenes de pedido máis rápidas.
- Mellor manexo de materiais.
- Control de aprovisionamento directo.
- Tempos de resposta máis baixos.

A descentralización permite que as decisións sexan tomadas polos niveis máis próximos ao desenvolvemento do produto proporcionando un aumento da eficiencia.

Desta maneira veríase incrementada dunha maneira moi importante:

- A competitividade e calidade da factoría e os seus produtos.
- O impacto socioeconómico na zona de Ferrolterra.



- A creación de postos de traballo de calidade en especialidades técnicas e de loxística.
- E, en resumo, a garantía de viabilidade duns estaleiros como os de Navantia Ferrol-Fene que poderían volver ser referente mundial na construción de barcos de todo tipo.

Evitándose, así, procesos que inciden en disfuncións que como consecuencia de todo iso implican atrasos nos prazos de entrega e incremento de custos como os producidos na fabricación do último flotel para PEMEX.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir para garantir o futuro e a competitividade de Navantia Ferrol-Fene promovendo medidas como a exposta e outras que iremos proponendo en sucesivas Propostas non de lei e que conformarían un novo Plan Industrial.

A este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Realizar as xestións oportunas ante o Goberno do Estado e a presidencia da compañía pública Navantia para que, de maneira urxente, se estableza un sistema descentralizado de compras e aprovisionamentos nos estaleiros de Ferrol e Fene sobre a base do recollido nesta iniciativa.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/01/2017 13:56:21

Luis Villares Naveira na data 10/01/2017 13:56:34

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, e da súa deputada, Noela Blanco Rodriguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A implantación das Estruturas Organizativas de Xestión Integral (EOXI) no ano 2011 supuxo unha aposta da Consellería de Sanidade por retirar competencias, persoal e capacidade de decisión aos hospitais comarcais a favor dos grandes hospitais das cidades. Tanto a dotación de recursos, materiais e humanos, como as decisións sobre estrutura, funcionamento e organización asistencial se foron progresivamente perdendo nos hospitais comarcais. O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático desta situación. A implantación das EOXI recibiu contestación e desconformidade por parte de alcaldes de toda a zona de influencia do hospital, que manifestaron o seu rexeitamento á perda de condición de área sanitaria e alertaron da consecuenta perda de servizos que traería.

Dende a implantación da EOXI, o Hospital do Salnés vén perdendo progresivamente servizos organizativos e asistenciais. O servizo de Neuroloxía consiste agora na visita dun especialista de Pontevedra tres días á semana. Ademais este servizo soamente se ofrece aos habitantes de Vilagarcía e Vilanova, mentres que o servizo de CardioloXía só atende a habitantes de Vilagarcía. O resto da comarca non ten esa dispoñibilidade. O servizo de Neuropediatria foi directamente enviado a Pontevedra, quedando o Hospital do Salnés sen un especialista do que antes dispoñía. Non é posible realizar cirurxía maior ambulatoria; perdeuse o aparato de telemando que se levou para Pontevedra, onde non había. A terceira planta permanece pechada 4 meses ao ano, perdendo capacidade e deteriorando a calidade asistencial no servizo de paliativos. A xerencia de atención primaria derivouse directamente a Pontevedra, perdendo contacto cos médicos de primaria, e capacidade de planificación e acción.

Na cuestión organizativa, a área perdeu a existencia dun almacén, que agora se atopa en Negreira e tarda días en servir as peticións. O servizo de subministracións retirouse para Pontevedra, ao igual que case o total do servizo de informática, do que permanece unicamente un traballador. O servizo de cita

Grupo Parlamentario

previa soamente está aberto de mañá, polo que as persoas que acudan pola tarde non poden tramitar a súa cita. Non existe servizo de contabilidade no Hospital do Salnés, xa que está derivado a Pontevedra impedindo ao centro levar o seu propio orzamento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Un problema engadido preséntase coa terceira planta do Hospital, que xa tivo problemas para a súa apertura pola reticencia do Partido Popular. Esta é pechada en varios momentos do ano, fundamentándose por parte da xerencia en criterios de non necesidade asistencial, se ben cando estes peches se producen resultan en saturacións dos sistemas de urxencias e demoras na hospitalización (e aceleración das altas). Este peche ten sido denunciado pola xunta de persoal da área, que desvelou que as intencións reais están na redución de persoal traballando no Hospital, evidenciando que existen criterios económicos para a toma de decisións asistenciais.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que elabore un plan plurianual para esta lexislatura 2016-2020, que implique:

- a) A devolución de servizos ao Hospital do Salnés, permitindo recuperar aqueles que existían antes da implantación das EOXI en 2011, e que planifique as necesidades de incorporación de novos recursos materiais para poder desenvolvelos.
- b) A dotación de persoal especialista que permita a dita ampliación de servizos.
- c) Mantemento da terceira planta aberta de maneira permanente durante todo o ano, coa consecuente contratación de persoal de maneira estable para cubrir as necesidades reais.

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2017 14:04:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2017 14:04:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/01/2017 14:04:25

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros Especiais de Emprego (CEE) naceron coa finalidade de incorporar ao mercado laboral ás persoas con discapacidade, ao tempo que facilitarían a súa integración na empresa privada.

Pero a realidade é moi diferente. Na actualidade, os CEE convertéronse nun instrumento empresarial precarizador que, lonxe de cumprir unha labor social, dedícanse a intereses puramente económicos.

Independentemente do grao de discapacidade, cada CEE recibe da Administración o 100% da cota empresarial da Seguridade Social de cada persoa contratada, o 50% do Salario Mínimo Interprofesional por xornada completa, ou a súa parte proporcional no caso da xornada parcial, e 12.000 euros pola conversión dun contrato temporal en indefinido.

Este apoio da Administración non se corresponde coas precarias condicións laborais e salariais das persoas que traballan nos CEE nin coa practicamente nula inserción na empresa privada.



A modo de exemplo, cumpre destacar que o salario bruto dunha Operaria/o é tan igual ao SMI 2016, é dicir, 655,20 euros/mes.

En canto á inserción laboral na empresa privada, a evolución dos contratos específicos realizados a persoas con discapacidade, segundo o tipo de empresa, entre os anos 2006 e 2015, demostran que lonxe de crearse emprego, estase a reducir. Así, na citada década, a empresa privada pasou de ter 29.033 persoas contratadas con algunha discapacidade en 2006 a un total de 26.625 en 2015. Mentres, nos CEE a evolución do emprego pasou das 26.290 persoas contratadas en 2006 ás 68.613 de 2015.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar dos CEE de Galiza que, en resposta ás axudas públicas recibidas para a inserción das persoas con discapacidade, proceda de inmediato a eliminar a discriminatoria diferenza salarial existente entre o Convenio Colectivo galego de centros especiais de emprego e os convenios vixentes a nivel sectorial.
2. Solicitar da Inspección de Traballo a vixilancia e sanción administrativa ás empresas que incumpren o establecido no artigo 42 do Real Decreto Lei 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social que establece que toda empresa pública ou privada con 50 ou máis persoas asalariadas debe reservar o 2% do seu cadro de persoal para persoas con discapacidade.



3. Garantir o cumprimento do artigo 42 do RDL mencionado no punto anterior en todos os centros de traballo da Administración Pública.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do GP de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/01/2017 09:50:50

Luis Villares Naveira na data 11/01/2017 09:50:57

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Concepción Burgo López** e **Luis Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, co Goberno do presidente Touriño e posteriormente co presidente Feijoo, asumiu o compromiso de construír un auditorio na cidade de Lugo, única en toda Galicia que carecía desta imprescindible infraestrutura cultural, un compromiso lóxico, por outra parte, dado que unha obra deste tipo só pode asumila a Administración autonómica e así sucedeu noutras cidades.

Nos acordos firmados entre a Xunta e o Concello se establece como obriga da Xunta de Galicia financiar o proxecto e execución do auditorio, así como todos os elementos accesorios e complementarios necesarios para o seu funcionamento, mentres o Concello se compromete a asumir a súa conservación, mantemento e xestión.

É dicir, a Xunta de Galicia ten a obriga de entregar ao Concello de Lugo o auditorio totalmente rematado con todos os elementos complementarios para a súa posta en marcha e funcionamentos adecuado. Loxicamente, isto implica todo o equipamento escénico, técnico e de calquera outro tipo propio dun auditorio, sen o cal non é posible que poñelo en marcha.

A sorpresa do Concello e de toda a cidadanía lucense, é que agora a Xunta de Galicia négase a cumprir o seu compromiso e rematar o auditorio con todo o equipamento necesario para que se poña en funcionamento, o que significa un novo incumprimento con Lugo e o intento-sempre presente na Xunta-, de propiciar un enfrontamento con institucións gobernadas por partidos políticos distintos ao PP ao pretender que son o Concello e a Deputación os que teñen que rematar o auditorio cando non teñen ningunha obriga de facelo segundo o convenio firmado, nin de inverter o diñeiro dos lucenses en suplir as obrigas da Xunta.

Grupo Parlamentario

Ademais, hai que ter en conta que o concello pagou 1.202.000 euros para o auditorio que foi o investimento ao que se comprometeu no dito convenio. Esta importante cantidade foi liquidada a Xunta de Galicia en dous prazos, o último en 2011, algo que nunca di o goberno da Xunta.

Está claro que a negativa do presidente Feijoo a cumprir o seu compromiso e financiar o equipamento necesario para poñer en marcha o auditorio, só busca desgastar aos seus adversarios políticos intentando facer crer a cidadanía lucense que os responsables do equipamento do auditorio son o Concello e a Deputación, cando isto non é certo. É a Xunta de Galicia a que está incumprindo ao seu compromiso e é a responsable de que o auditorio non se poda poñer en marcha o que resulta inadmisíbel. É como si cando se fai un hospital, a Xunta de Galicia lle di ao concello que pague as camas e os aparatos necesarios para facer análises e radiografías.

O concello xa cumpriu todas as súas obrigas, a responsabilidade de que o auditorio non estea funcionando é claramente a Xunta de Galicia, que unha vez mais non cumpre con Lugo

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rematar de forma inmediata o auditorio da cidade de Lugo, instalando todo o equipamento técnico, escénico e de calquera tipo, necesario para que esta infraestrutura cultural poda poñerse en marcha e cumprir a súa función.”

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Manuel Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2017 12:07:48

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 11/01/2017 12:07:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/01/2017 12:08:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente a conciliación familiar é un dos grandes retos da sociedade occidental. O primeiro ciclo de Educación Infantil tense constituído nun dos principais recursos para a conciliación da vida laboral e familiar de moitas nais e pais. Pero, ademais deste carácter de apoio ás familias, as estatísticas mostran que a escolarización temperá mellora o rendemento académico. A educación infantil é un factor básico de equidade clave para compensar desigualdades de partida e contribúe a mellorar o posterior éxito escolar.

Tendo en conta que unha das barreiras para lograr a plena incorporación da muller á vida laboral activa a constitúe o reparto do tempo dedicado ao coidado das fillas e fillos entre pais e nais e a importancia da Educación Infantil, é necesario fomentar a súa universalización como forma de promover a incorporación laboral feminina e como forma de diminuír as diferenzas escolares asociadas aos diferentes orixes sociais.

No Estado español, algunhas empresas pioneiras levan anos potenciando que o seu cadro de persoal acuda ao seu posto de traballo acompañados polos seus



bebés: o Ministerio de Traballo en 2003, e despois outras empresas e institucións públicas como o Banco Santander, a CMT, El Pozo Alimentación, o Hospital de Fuenlabrada, Abengoa, Metrovacesa, o Ministerio de Defensa, o Congreso das Deputadas e Deputados e a Garda Real, entre outros.

As Escolas Infantís en contornas laborais, son xa unha realidade que facilita a vida tanto ás empresas, como ás persoas empregadas que se benefician deste servizo. A implantación de Escolas de Educación Infantil nos centros de traballo reduce o absentismo e aumenta a motivación das nais e pais traballadores que gañan en tranquilidade ao ter aos seu fillos e fillas preto e aumentar o tempo que pasan con eles e elas.

Nun país como o noso, cun grave problema de natalidade e despoboamento, urxe, entre outras medidas, mellorar a conciliación entre a vida laboral, familiar e persoal da clase traballadora.

Por todo o exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir unha Escola de Educación Infantil para as fillas e fillos de Deputados e Deputadas e de todos os traballadores e traballadoras que desenrolan a súa actividade laboral nas dependencias do Parlamento e da Defensor/a do Pobo, xa sexa directamente ou a través de empresas de servizo contratadas.
2. Abrir unha Escola de Educación Infantil en cada un dos hospitais públicos de Galiza, con horario de apertura de 24 horas diarias, todos os días do ano, para as fillas e fillos das persoas empregadas nos mesmos, xa sexa directamente ou a través de empresas de servizo contratadas.



3. Estender a obriga de dispor dunha Escola Infantil nos hospitais públicos ao Hospital Povisa.

4. Elaborar en colaboración con patronal e sindicatos un Plan de Escolas Infantís vinculadas ao mundo do traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar da clase traballadora.

5. Elaborar en colaboración cos sindicatos máis representativos no ámbito da Xunta un Plan de Escolas Infantís vinculadas aos seus centros de traballo que dea resposta ás necesidades de conciliación entre a vida laboral e familiar das e dos traballadores públicos e de todo o persoal de empresas externas que desenrolen a súa xornada laboral en centros da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/01/2017 12:14:05

Luis Villares Naveira na data 11/01/2017 12:14:10



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3162
Data envío: 11/01/2017 12:47:26.961

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO 546 é unha vía de titularidade autonómica que comunica as cidades de Pontevedra e Marín e que atravesa unha zona densamente habitada, principalmente na rúa Rosalía de Castro e nos barrios de Mollavao, Ponte Muiños, A Igrexa e Os Praceres.

Trátase dunha estrada que presenta numerosas deficiencias en materia de accesibilidade, mobilidade e seguranza viaria xa que na maior parte do seu trazado carece de beirarrúas e beravías, o que a fai extremadamente perigosa para peóns e ciclistas. No caso dos ciclistas, hai que ter en conta que é a única alternativa para a mobilidade en bicilceta entre Pontevedra e Marín despois de que o Ministerio de Fomento prohibise a circulación pola autovía. No caso dos peóns, vense sometidos a continuas situacións de perigo debido a ausencia de medidas de calmado de tráfico e á inexistencia de zonas seguras nas beiravías. Ademais, case non contan con pasos seguros para atravesar a estrada. Esta situación vese agravada pola alta densidade do tráfico e o elevado número de camiións que circulan por esta vía en dirección a ENCE e ELNOSA.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3162
Data envío: 11/01/2017 12:47:26.961

O treito da rúa Rosalía de Castro entre Manuel del Palacio e Mollavao forma parte da PO 546 e é un vial de titularidade autonómica. Trátase dunha zona plenamente urbana que en lugar dunha rúa urbanizada presenta o aspecto dunha estrada ou travesía, con beirarrúas antigas e estreitas, ausencia de medidas de calmado do tráfico, e perigosidade derivada da presenza na súa contorna dun colexio, un centro de saúde e un centro de día. Nesta zona son frecuentes os atropelos e as situacións de risco, o que fai necesaria unha actuación urxente por parte da administración autonómica.

En numerosas ocasións, por parte do concello de Pontevedra solicitouse á consellaría competente da Xunta de Galiza a realización de actuacións de mellora da rúa Rosalía de Castro ou no seu defecto que se lle autorizase a realizalas ao concello. Tamén houbo diversas xestións e acordos para o arranxo e mellora da PO 546 entre Pontevedra e Marín.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a

1. Aprobar e levar a cabo no ano 2017 un proxecto de urbanización e mellora da rúa Rosalía de Castro, entre a rotonda de Manuel del Palacio e Ponte Muíños. Este proxecto deberá ser negociado e consensuado co concello de Pontevedra, coa previsión de que este treito urbano pase a ser de competencia municipal.

2. Levar a cabo de maneira urxente medidas de mellora da accesibilidade, seguranza viaria e mobilidade peonil e ciclista na estrada PO 546 entre Ponte Muíños e Os Praceres”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 12:47
Nº Rexistro: 3162
Data envío: 11/01/2017 12:47:26.961

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2017 12:35:18

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2017 12:35:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2017 12:35:29

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2017 12:35:33

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2017 12:35:38

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2017 12:35:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputadas Paula Quinteiro Araújo e do seu deputado David Rodríguez Estévez, a través do seu voceiro, Luis Villares Navieira e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O leite é o principal produto da agricultura galega, tanto en termos económicos e sociais, como desde o punto de vista territorial. As explotacións con vacas de leite achegan case a un 45% do valor da produción, a cuarta parte dos ocupados e un terzo da superficie dedicada a agricultura. A produción láctea acada unha posición de liderado no conxunto de España ao concentrar o 39% do volume, destacando tamén en Europa co undécimo posto.

A subida dos prezos dos fertilizantes, dos pensos e dos combustibles dende 2007 non foi asociada a unha subida similar no prezo do produto, e este desequilibrio está a ocasionar fortes perdas, endebedamento e un maior ritmo no peche de explotacións.

Galicia perdeu un total de 524 granxas lácteas entre xaneiro e novembro de 2016 —a falta de coñecer os datos do mes de decembro—, ata quedar nun total de 8.554 produtores, fronte aos 9.078 cos que comezaba o ano. Esta cifra representa o 60% de todo o Estado, unha cifra moi superior ao 39% que representa o sector



lácteo galego no conxunto do Estado. As explotacións galegas perderon a cuarta parte das súas vacas en dez anos. Estas cifras non poden achacarse unicamente a xubilacións e, máis ben, amosan a ausencia de relevo xeracional e o desmantelamento das pequenas explotacións.

Os peches de explotacións están a agravar o intenso proceso de desagrarización rexistrado nas últimas décadas, onde o cesamento da produción de leite converteuse, nunha maioría dos casos, en abandono da actividade agraria pola falta de desenvolvemento doutras producións e resultou no abandono ou plantación forestal de boa parte das terras. De feito nos últimos anos o peche de explotacións gandeiras levou a que se perderan máis de 90.000 hectáreas de Superficie Agraria Útil.

Deste xeito estase a agudizar o problema existente de abandono, xa que as terras agrarias ocupan só un 22% da superficie total, e a incrementarse a posibilidade de incendios, así como os desequilibrios territoriais e o retroceso demográfico nas zonas rurais. En comarcas eminentemente gandeiras, as vilas e aldeas que van quedando sen vacas van ficando tamén cada vez con menos xente. No caso da zona centro do país, isto é, o interior da provincia da Coruña, o centro e o sur de Lugo e máis o norte de Ourense, os concellos que máis poboación perderon porcentualmente, son tamén os que, en números absolutos, máis cabezas de gando bovino deixaron de ter.

Coa eliminación das cotas desapareceu a garantía” da recollida de leite que anteriormente existía na práctica ao estar controlada a produción e ser inferior á demanda das industrias. En diante as industrias poden seleccionar os gandeiros aos que recollen o leite en función dos seus custos de recollida. O sector gandeiro veuse debilitado pola falta de medidas que deberían terse tomado cando menos dende 2008, cando se fixou o calendario de eliminación das cotas. Dende ese ano pecharon case 5.000 granxas.



A pesar da subida do prezo do leite en 29,7 céntimos o litro en novembro, aínda segue como o máis baixo en España. Galicia continúa a ser a única autonomía na que os gandeiros cobran menos de 30 céntimos polo litro do seu leite, e está lonxe dos 34,2 céntimos que reciben os produtores da Rioxa, o maior prezo peninsular. Desta maneira, o prezo do leite en Galicia está situado nun dos niveis máis baixos da década, lonxe dos 38 céntimos que se pagaban en outubro de 2013. E de feito, cando o PP chegou á Xunta, en 2009, o prezo do leite atopábase por enriba dos 33 céntimos. Esta diferenza con respecto aos custes de produción está a repercutir no endebedamento de boa parte das granxas galegas.

Unha das causas desta problemática é a imposición de prácticas comerciais desleais por algúns grupos de distribución ante a pasividade das autoridades, que deberían aplicar a Lei de Defensa da Competencia, xa que estas prácticas contribúen a tirar cara abaixo os prezos. De feito, hai máis de 600 explotacións que cobran menos de 22 céntimos por litro.

Existen serias deficiencias na cadea do leite entre produtores, industrias e distribuidores, xa que esta presenta notables desequilibrios na capacidade de negociación e na transmisión de prezos, cunha posición dominante da gran distribución que utiliza o leite a baixos prezos como produto reclamo para atraer aos consumidores aos seus establecementos, provocando unha banalización do produto e unha presión á baixa nos prezos e marxes da industria e a produción. A superación desta situación precisa dunha posición máis firme por parte das administracións no control e desenvolvemento do Acordo Lácteo e da Lei de transparencia da cadea alimentaria, con moi escasa aplicación na realidade.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:



1. Tomar as medidas oportunas para intervir na cadea do leite e garantir o futuro do sector lácteo galego mediante o pago aos produtores dun prezo sostible polo leite, é dicir que polo menos chegue aos 30 céntimos por litro que garantirían cubrir os custos de produción.
2. Trasladar ao Goberno a proposta de fixar uns índices de referencia mínimos para o prezo do leite como si fixeron países da UE como Francia.
3. Adoptar as medidas necesarias para apoiar aos produtores de leite e frear o ritmo de peche de granxas tan elevado, que está a incidir no despoboamento do rural ante a falta de perspectivas. Para iso cómpre poñer en marcha un Plan estratéxico para o conxunto da cadea láctea tal como procederon outros países antes do desmantelamento do sistema de cotas.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/01/2017 12:56:20

David Rodríguez Estévez na data 11/01/2017 12:56:54

Luis Villares Naveira na data 11/01/2017 12:57:34

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu voceiro suplente, **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a medidas de actuación en relación co Porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan de Investimentos dos Portos do Estado 2017-2021, non se reflexa ningunha dotación orzamentaria para a execución de obras de acceso ferroviario exterior.

Unicamente se contemplan 1,1 millóns (previstos no Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, aprobado o 22 de decembro de 2016), pero que se corresponden unicamente co orzamento referido ás asistencias técnicas (ver Plan de Investimentos Autoridade Portuaria da Coruña – Plan de Empresa).

En consecuencia, da previsión dos 101,1 millóns anunciados por Fomento para dita conexión, so 1,1 millóns están orzamentados (fondo de accesibilidade), pero os restantes 100 millóns, non teñen financiamento comprometido nin previsto.

Só hai tres Portos no Estado que quedan sen concreción da dotación orzamentaria, o da Coruña, con 100 millóns, o de Baleares, con 9 millóns, e o de Castelló con 81 millóns.

O 30 de xuño de 2016 adxudicouse o contrato (formalizado o 20 de xullo de 2016) para a redacción do proxecto de conexión ferroviaria (adxudicado por 1,6 millóns de euros, e cun prazo de entrega de 14 meses), pero dito proxecto



construtivo está condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e da DIA (Declaración de Impacto Ambiental).

O “Estudio Informativo del Acceso Ferroviario al Puerto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira” foi sometido a información pública no BOE de 31 de xullo de 2014 [e non consta como aprobado, co que concluímos que a DIA tampouco.](#)

Unha Declaración de Impacto Ambiental que debía de estar formulada en maio de 2016 e a día de hoxe aínda non o está.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Dirixirse ao Goberno español para esixir a axilización do proceso administrativo, estudo informativo, declaración de impacto ambiental e Proxecto construtivo, da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.
- 2) Esixir ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro suplente do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/01/2017 10:21:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3205
Data envío: 12/01/2017 11:47:27.453

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á petición de derogación das reformas laborais.

As sucesivas contrarreformas laborais levadas adiante polos gobernos españois, supuxeron un importante retroceso nos dereitos individuais e colectivos da clase traballadora ao desregular e/ou flexibilizar as condicións en materias como a contratación, o despedimento, a xornada, o salario ou mesmo o cumprimento ou negociación dos convenios colectivos.

Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

As últimas reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais.

Facilitouse e abaratouse o despedimento, tanto colectivo como individual, xeneralizouse o contrato a tempo parcial, facilitouse ás empresas o incumprimento dos convenios, debilitouse a negociación colectiva a través da súa atomización, quebrouse o principio de igualdade das partes ao deixar nas mans da patronal as decisións relativas aos procesos de despedimento e modificacións colectivas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3205
Data envío: 12/01/2017 11:47:27.453

sen acordo, facilitouse a modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada, legalizáronse as axencias privadas de colocación, fomento das empresas de intermediación e privatización da formación.

O sistema de protección social tamén foi obxecto nesta ofensiva do capital contra a clase traballadora, baixo a xustificación de tratarse de políticas necesarias derivadas da forte crise económica na que estamos inmerso; así vemos como o sistema de protección por desemprego sufriu recortes na contía e no tempo das prestacións e dificultouse o acceso aos subsidios.

O capital, o poder económico, está a aproveitar o vento a favor e a escusa da crise para eliminar dereitos e melloras nas condicións laborais e sociais, incrementar os seus beneficios e o seu poder e debilitar á clase traballadora.

Esa e non outra é a verdadeira razóns das sucesivas reformas laborais impostas da man da socialdemocracia liberal e da dereita. A súa verdadeira finalidade foi o deterioro das condicións económicas das maiorías sociais, coa imposición dun novo réxime legal das relacións do traballo en prexuízo das persoas traballadoras, tanto a través da desregulación e precarización laboral, como da redución dos salarios.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno español, demandando que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-lei 20/2012 do 19 de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3205
Data envío: 12/01/2017 11:47:27.453

xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo,o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 11:45:58

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 11:46:05

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 11:46:07



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3205

Data envío: 12/01/2017 11:47:27.453

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 11:46:12

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 11:46:16

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 11:46:19

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do da súa deputada, Noela Blanco Rodriguez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, *gays*, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, publicada no DOG 79 do 25 de abril de 2014, establece que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para o se desenvolvemento. Trátase da primeira norma dunha comunidade autónoma que ampara a diversidade sexual e establece medidas concretas para protexer as distintas manifestacións da sexualidade.

A Lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo. Tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración coas entidades LGTBI. Para estes fins, a garantía de que poderán concorrer ás convocatorias de axudas e subvencións coincidentes cos seus fins tamén resulta decisiva. E, como manifestación deste apoio, o texto tamén compromete a actuación das administracións públicas galegas mediante a posta en marcha de campañas de divulgación de accións e de impulso do asociacionismo LGTBI, co obxecto de que toda a sociedade poida participar nas súas actividades e programas. Ademais, todo o citado acompáñase de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

Grupo Parlamentario

A partir destes mandatos xerais, entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza, laboral, familiar, de saúde, de educación, cultura e lecer, deporte, mocidade e comunicación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No que incumbe ás medidas laborais, encarga ao organismo con competencias en materia de traballo que elabore programas de información e divulgación normativa, dirixidos aos axentes públicos e privados das relacións laborais; e que incorporen nos seus plans de formación materiais sobre igualdade que favorezan a inclusión con independencia da orientación ou da identidade sexual. Así mesmo, compromete á Administración autonómica para a realización dun estudo sobre a situación laboral e medidas a adoptar en relación con estes colectivos, para a súa plena incorporación ao mercado de traballo, á vez que a insta a poñer en marcha mecanismos de información e avaliación periódica.

A Lei encarga á consellería competente que promova, en colaboración coas partes sociais, un protocolo de igualdade e de boas prácticas para as relacións laborais. Por outra banda, encomenda ao Executivo autonómico a que inste as organizacións sindicais e empresariais a impulsar medidas inclusivas das persoas LGTBI nos convenios colectivos “de todos os sectores laborais”, a informar sobre a normativa en materia de discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, a promover os dereitos e a visibilidade destas nos centros de traballo e a tratar de modo específico a discriminación múltiple, de modo que se incentive a súa contratación.

Impón, como regra de principio, a imposibilidade de que existan excepcións por criterios profesionais determinantes homologables á excepción de boa fe ocupacional.

En canto ás medidas no ámbito da familia, considera a unidade conformada ou integrada por persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Faise especial mención aos dereitos en materia de adopción, para esixir a garantía de que nos procesos se descarte calquera tipo de discriminación por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero.

Temos que significar, por último, a importancia do resto das medidas de información e promoción da igualdade, en especial entre os colectivos especialmente vulnerables así como os apoios ás vítimas da discriminación.

Grupo Parlamentario

A pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a cotío nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A piques de se celebrar o terceiro aniversario da súa promulgación non coñecemos ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta o Goberno galego para que:

A) Desenvolva a Lei 2/2014, do 14 de abril, convocando para iso ás organizacións LGTBI galegas e as demais administracións, coas ferramentas prioritarias que se detallan a continuación, que deben ser postas en marcha antes de que remate este ano:

1. Protocolo sanitario e educativo.
2. Incorporación de persoal formado especificamente na realidade LGTBI aos centros de información, atención, orientación e asesoramento.
Deste xeito estase a agudizar o problema existente de abandono, xa que as terras agrarias ocupan só un 22% da superficie total, e a incrementarse a posibilidade de incendios, así como os desequilibrios territoriais e o retroceso demográfico nas zonas rurais. En comarcas eminentemente gandeiras, as vilas e aldeas que van quedando sen vacas van ficando tamén cada vez con menos xente. No caso da zona centro do país, isto é, o interior da provincia da Coruña, o centro e o sur de Lugo e máis o norte de Ourense, os concellos que máis poboación perderon porcentualmente, son tamén os que, en números absolutos, máis cabezas de gando bovino deixaron de ter.

Coa eliminación das cotas desapareceu a garantía” da recollida de leite que anteriormente existía na práctica ao estar controlada a produción e ser inferior á demanda das industrias. En diante as industrias poden seleccionar os gandeiros aos que recollen o leite en función dos seus custos de recollida. O sector gandeiro veuse debilitado pola falta de medidas que deberían terse tomado cando menos dende 2008, cando se fixou o calendario de eliminación das cotas. Dende ese ano pecharon case 5.000 granxas.



A pesar da subida do prezo do leite en 29,7 céntimos o litro en novembro, aínda segue como o máis baixo en España. Galicia continúa a ser a única autonomía na que os gandeiros cobran menos de 30 céntimos polo litro do seu leite, e está lonxe dos 34,2 céntimos que reciben os produtores da Rioxa, o maior prezo peninsular. Desta maneira, o prezo do leite en Galicia está situado nun dos niveis máis baixos da década, lonxe dos 38 céntimos que se pagaban en outubro de 2013. E de feito, cando o PP chegou á Xunta, en 2009, o prezo do leite atopábase por enriba dos 33 céntimos. Esta diferenza con respecto aos custes de produción está a repercutir no endebedamento de boa parte das granxas galegas.

Unha das causas desta problemática é a imposición de prácticas comerciais desleais por algúns grupos de distribución ante a pasividade das autoridades, que deberían aplicar a Lei de Defensa da Competencia, xa que estas prácticas contribúen a tirar cara abaixo os prezos. De feito, hai máis de 600 explotacións que cobran menos de 22 céntimos por litro.

Existen serias deficiencias na cadea do leite entre produtores, industrias e distribuidores, xa que esta presenta notables desequilibrios na capacidade de negociación e na transmisión de prezos, cunha posición dominante da gran distribución que utiliza o leite a baixos prezos como produto reclamo para atraer aos consumidores aos seus establecementos, provocando unha banalización do produto e unha presión á baixa nos prezos e marxes da industria e a produción. A superación desta situación precisa dunha posición máis firme por parte das administracións no control e desenvolvemento do Acordo Lácteo e da Lei de transparencia da cadea alimentaria, con moi escasa aplicación na realidade.

Ante esta situación o grupo parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:



1. Tomar as medidas oportunas para intervir na cadea do leite e garantir o futuro do sector lácteo galego mediante o pago aos produtores dun prezo sostible polo leite, é dicir que polo menos chegue aos 30 céntimos por litro que garantirían cubrir os custos de produción.
2. Trasladar ao Goberno a proposta de fixar uns índices de referencia mínimos para o prezo do leite como si fixeron países da UE como Francia.
3. Adoptar as medidas necesarias para apoiar aos produtores de leite e frear o ritmo de peche de granxas tan elevado, que está a incidir no despoboamento do rural ante a falta de perspectivas. Para iso cómpre poñer en marcha un Plan estratéxico para o conxunto da cadea láctea tal como procederon outros países antes do desmantelamento do sistema de cotas.

Santiago de Compostela, 1 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 11/01/2017 12:54:54

David Rodríguez Estévez na data 11/01/2017 12:55:04

Luis Villares Naveira na data 11/01/2017 12:55:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, María Pierres López e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Pleno do Concello da Coruña aprobou, na súa sesión deste luns 9 de xaneiro, a Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista *na defensa da titularidade pública dos espazos da Solana e o Finisterre*.

Segundo esta moción municipal, a decisión do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña, tomada o pasado 22 de decembro, de subhastar A Solana e o Hotel Finisterre e non aceptar a oferta municipal polos terreos do complexo deportivo, supuxo un desaire institucional de escasos precedentes e unha gravísima decisión no que á cidade se refire.

A actuación do presidente do ente portuario e do propio Consello de Administración, decididos claramente á privatización urxente e definitiva dos terreos que ocupan tanto o Hotel como as instalacións deportivas anexas, quedaron en evidencia nas negociacións coa empresa Inmobiliaria Río Mero en pleno mes de outubro, dous meses antes de que expirara o prazo outorgado ao Concello para facer chegar unha oferta económica. Negociacións, por outra parte, previas ao anunciado procedemento de alleamento público mediante subhasta, o que, polo menos, chama a atención. Esta negociación contradí os termos estritos do acordo unánime adoptado polo propio Consello de Administración da Autoridade Portuaria o día 30 de xuño de 2016: *"Suspendir la tramitación del procedimiento de enajenación durante el plazo de 6 meses. Transcurrido el plazo sin que el Ayuntamiento de A Coruña solicite expresamente la adjudicación directa de la parcela ocupada por La Solana, la Autoridad Portuaria reanudará el procedimiento sin más trámite"*.

Os argumentos esgrimidos tanto polo presidente da Autoridade Portuaria como polos informes xurídicos redactados para defender tal decisión baséanse exclusivamente en criterios economicistas obviando, sinala a Moción municipal,

Grupo Parlamentario

a natureza, radicación e historia dos terreos en cuestión e evitando que na decisión final participe a lexítima dona dos ditos terreos: a cidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O propio presidente de *Puertos del Estado*, José Llorca, declarou que o obxectivo desta decisión era axudar a enxugar a débeda da Autoridade Portuaria e que viría seguida da venda en subhasta dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo, xa liberados de actividades portuarias unha vez que estas foron trasladadas ao Porto Exterior.

Estas declaracións, subliña a Moción aprobada polo Pleno municipal, realizábanse apenas uns días despois de que o mesmo Ministerio de Fomento decidise dedicar 5.000 millóns de euros ao rescate das autopistas madrileñas en quebra. No caso da Coruña, o Ministerio non parece manter o mesmo criterio nin mostra a mesma sensibilidade, pese a que a débeda xerada polas vías madrileñas multiplica por dez a do Porto coruñés.

A construción do novo Porto Exterior abordouse con financiamento estatal, con un préstamo do BEI e, segundo o convenio asinado, coa achega da Autoridade Portuaria a través da urbanización dos peiraos do Porto interior unha vez liberado das actividades portuarias.

É evidente que as condicións económicas, sociais, urbanísticas e empresariais do momento da sinatura do convenio non se corresponden coas actuais e, polo tanto, é imprescindible reformular ditos acordos e acadar un planteamento que beneficie á cidade, que permita acometer as obras finais do Porto e que asuma as débedas do dito investimento.

Sinala tamén a Moción do Concello que non debe de confundirse, polo tanto, esta obrigada revisión das decisións dos espazos portuarios nun marco económico distinto e ante unhas expectativas de negocio diferentes, con ningún cuestionamento dunha obra que era de xustiza para a cidade e o seu progreso.

Por outra parte, a débeda da Autoridade Portuaria non é unicamente achacable á construción de Punta Langosteira. Repasando as súas cifras de negocio é sinxelo comprobar que as dificultades se deben tamén a unha xestión cando menos discutible, que parece limitada aos tráficoos cautivos e que ten abandonado a procura de novos investidores e que cando o intentaron fracasaron. Resulta

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

rechamante, neste contexto, que na pasada Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, que tivo lugar o 29 de decembro pasado, o presidente de Portos de Galicia, en resposta a pregunta núm.1885 deste Grupo Parlamentario, contestase que a renuncia de PEMEX aos seus investimentos previstos en Punta Langosteira non afectan á viabilidade do novo porto exterior (lembremos que PEMEX tiña solicitada unha ocupación da cuarta parte da superficie, 30.000 metros cadrados, con un investimento total de preto de 58 millóns de euros, o que suporía, segundo a propia Autoridade Portuaria, unha previsión de incremento de tráfico dun 20 %, e dun 15 % de ingresos por tarifas).

A Autoridade Portuaria da Coruña triplica as súas perdas, con catro anos seguidos de déficit, e dase seis anos para a ocupación da metade da superficie para empresas en Langosteira. Para máis noticia, parece ser que *Puertos del Estado* non ten previsto incluír o enlace ferroviario ao Porto exterior no *Fondo Financieiro de Accesibilidade de Puertos*, o que incrementará as necesidades de financiamento con cargo a orzamentos xerais, fronte ao que esta a ocorrer con outras infraestruturas portuarias. Os compromisos do Ministerio de Fomento co Porto da Coruña parecen reducirse a financiarlo con espazos que a cidade precisa para o seu desenvolvemento, e isto debe, en todo caso, acordarse ao máximo nivel institucional entre todas as institucións públicas implicadas. O Porto non pode actuar de costas á cidade, coas súas necesidades, forma parte dela.

É imprescindible, polo tanto, compatibilizar as necesidades económicas da Autoridade Portuaria cos lexítimos dereitos da Coruña. O porto foi, e segue a ser, sen dúbida, un dos seus motores principais.

Non obstante, a privatización da Solana e do Hotel parece prevista e preparada desde hai tempo. No ano 2009 a Aprobación Inicial do PXOM declaraba os terreos como dotación pública -máis alá do tipo de xestión que logo se acordase-. Pero en 2012 na Aprobación Definitiva, que contou co voto negativo do Grupo Municipal Socialista, a cualificación do dito solo pasaba a ser dotacional privado. Estábase xa xestando unha decisión que se veu perfilando con nitidez neste pasado ano?. Os feitos así o parecen revelar.

Grupo Parlamentario

Nin o presidente de *Puertos del Estado* nin o presidente da Autoridade Portuaria nin o seu Consello de Administración poden nin deben obviar a opinión da cidade, nin substraerlle o dereito a debater, opinar e decidir sobre o destino último daqueles terreos que un día foron ocupados por actividades portuarias agora inexistentes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, e con **carácter urxente** dada a inminente subhasta, anunciada pola Autoridade Portuaria da Coruña, da Solana e do Hotel Finisterre, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Defender perante Puertos del Estado e o Ministerio de Fomento os dereitos da cidade da Coruña, para evitar coa maior urxencia a subhasta dos terreos portuarios nos que se radican a Solana e o Hotel Finisterre, así como o alleamento previsto dos peiraos de Batería e Calvo Sotelo.

2º) Dirixirse a ambos organismos e aos representantes da Xunta de Galicia no Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña a estudar, en coordinación co Concello da Coruña, fórmulas de apoio e rescate da débeda da Autoridade Portuaria, garantindo a titularidade pública dos ditos terreos.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/01/2017 13:08:18

María Luisa Pierres López na data 11/01/2017 13:08:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2017 13:08:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/01/2017 13:09:28



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu vice-portavoz **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a medidas de actuación en relación co Porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan de Investimentos dos Portos do Estado 2017-2021, non se reflexa ningunha dotación orzamentaria para a execución de obras de acceso ferroviario exterior.

Unicamente se contemplan 1,1 millóns (previstos no Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, aprobado o 22 de decembro de 2016), pero que se corresponden unicamente co orzamento referido ás asistencias técnicas (ver Plan de Investimentos Autoridade Portuaria da Coruña – Plan de Empresa).

En consecuencia, da previsión dos 101,1 millóns anunciados por Fomento para dita conexión, so 1,1 millóns están orzamentados (fondo de accesibilidade), pero os restantes 100 millóns, non teñen financiamento comprometido nin previsto.

Só hai tres Portos no Estado que quedan sen concreción da dotación orzamentaria, o da Coruña, con 100 millóns, o de Baleares, con 9 millóns, e o de Castelló con 81 millóns.

O 30 de xuño de 2016 adxudicouse o contrato (formalizado o 20 de xullo de 2016) para a redacción do proxecto de conexión ferroviaria (adxudicado por 1,6 millóns de euros, e cun prazo de entrega de 14 meses), pero dito proxecto



construtivo está condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e da DIA (Declaración de Impacto Ambiental).

O “Estudio Informativo del Acceso Ferroviario al Puerto Exterior de A Coruña en Punta Langosteira” foi sometido a información pública no BOE de 31 de xullo de 2014 [e non consta como aprobado, co que concluímos que a DIA tampouco.](#)

Unha Declaración de Impacto Ambiental que debía de estar formulada en maio de 2016 e a día de hoxe aínda non o está.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Dirixirse ao Goberno español para esixir a axilización do proceso administrativo, estudo informativo, declaración de impacto ambiental e Proxecto construtivo, da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.
- 2) Esixir ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro suplente do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/01/2017 10:22:10



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3206
Data envío: 12/01/2017 11:47:49.000

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á petición de derogación das reformas laborais.

As sucesivas contrarreformas laborais levadas adiante polos gobernos españois, supuxeron un importante retroceso nos dereitos individuais e colectivos da clase traballadora ao desregular e/ou flexibilizar as condicións en materias como a contratación, o despedimento, a xornada, o salario ou mesmo o cumprimento ou negociación dos convenios colectivos.

Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

As últimas reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron nesa liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais.

Facilitouse e abaratouse o despedimento, tanto colectivo como individual, xeneralizouse o contrato a tempo parcial, facilitouse ás empresas o incumprimento dos convenios, debilitouse a negociación colectiva a través da súa atomización, quebrouse o principio de igualdade das partes ao deixar nas mans da patronal as decisións relativas aos procesos de despedimento e modificacións colectivas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3206
Data envío: 12/01/2017 11:47:49.000

sen acordo, facilitouse a modificación substancial das condicións de traballo e a distribución irregular da xornada, legalizáronse as axencias privadas de colocación, fomento das empresas de intermediación e privatización da formación.

O sistema de protección social tamén foi obxecto nesta ofensiva do capital contra a clase traballadora, baixo a xustificación de tratarse de políticas necesarias derivadas da forte crise económica na que estamos inmerso; así vemos como o sistema de protección por desemprego sufriu recortes na contía e no tempo das prestacións e dificultouse o acceso aos subsidios.

O capital, o poder económico, está a aproveitar o vento a favor e a escusa da crise para eliminar dereitos e melloras nas condicións laborais e sociais, incrementar os seus beneficios e o seu poder e debilitar á clase traballadora.

Esa e non outra é a verdadeira razóns das sucesivas reformas laborais impostas da man da socialdemocracia liberal e da dereita. A súa verdadeira finalidade foi o deterioro das condicións económicas das maiorías sociais, coa imposición dun novo réxime legal das relacións do traballo en prexuízo das persoas traballadoras, tanto a través da desregulación e precarización laboral, como da redución dos salarios.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno español, demandando que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-lei 20/2012 do 19 de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3206
Data envío: 12/01/2017 11:47:49.000

xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo,o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.”

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 11:45:14

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 11:45:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 11:45:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3206
Data envío: 12/01/2017 11:47:49.000

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 11:45:27

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 11:45:31

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 11:45:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5.^a**, relativa ao Hospital do Rebullón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio e entorno do Rebullón é un ben público ubicado no Concello de Mos e xestionado pola Xunta de Galicia.

O peche de antigo Hospital do Rebullón cun total de 25.666 metros cadrados de construción e rodeado por 6 hectáreas de terra, supón ter un edificio con moitas posibilidades de uso, ademais de ser un edificio de fácil acceso para veciñas e veciños de Mos e Comarca.

Actualmente non se utilizan máis de 16.000 metros cadrados da construción principal que son destinados á dependencias da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), unha base do 061, o rexistro de pacientes do SERGAS, un novo servizo de almacenamento de mobiliario e equipamento e un almacén do SERGAS coas Historias Clínicas.

Existen carencias de servizos tanto no Concello de Mos como na Comarca para satisfacer necesidades sociosanitarias que poderían ser cubertas cunha recuperación do Hospital e a implantación no mesmo, de servizos públicos de esta índole.



Por todo o anterior, En Marea realiza a seguinte Proposición non de lei:

- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que elabore un estudio técnico-económico para a recuperación e posta en funcionamento do antigo Hospital do Rebullón repercutindo nos veciños e veciñas de Mos e a Comarca para atender as necesidades de servizos públicos de carácter sociosanitario.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/01/2017 13:27:52

Luis Villares Naveira na data 12/01/2017 13:28:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3219
Data envío: 12/01/2017 13:49:08.625

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Na aprobación do Plano Xeral de Ordenación Urbana de 1988 do concello da Coruña, prevíase a construción dunha nova zona urbana na parroquia de San Vicens de Elviña.

Desde entón, e en distintas fases, foise construíndo desde 2002 un novo barrio, Novo Mesoiro, que a falta de remate dalgún solar, na actualidade xa rexistra 3.490 vivendas construídas e 6.953 persoas censadas (datos do censo publicado a 1 de xaneiro de 2015).

A maiores, no perímetro deste novo barrio, xa con anterioridade existían os núcleos poboacionais de Feáns e Vío, así coma numerosas casas dispersas en toda unha zona que abarca aproximadamente máis de 2 quilómetros cadrados e con case 1.811 almas censadas.

Toda esta zona que limita co concello contiguo de Arteixo é unha área de monte baixo principalmente conformada por plantacións de eucaliptos ademais doutras zonas con loureiros, castiñeiros e sobre todo toxeirás e silveiras e que se enmarca dentro do Tecor societario de San Vicens de Elviña.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3219
Data envío: 12/01/2017 13:49:08.625

Os límites urbanos e urbanizados invaden a zona do Tecor e, ano tras ano, cando comeza a temporada de caza, prodúcese situacións de risco (sen ir máis lonxe as dúas últimas fins de semana de outubro, e co bo tempo, puidéronse escoitar os disparos das batidas perfectamente no centro do barrio).

Ao ser unha zona onde hai moito desmonte e paso de servidume préstase para andainas e actividades de bicicross, cross e mesmo de paseo, polo cal hai moita veciñanza que na fin de semana disfruta da natureza que ten a man empregando todo este monte entre os municipios de A Coruña e Arteixo.

A construción do barrio Novo Mesoiro ó longo dos últimos 14 anos deu lugar a que as lindes deste Tecor, en toda esta zona urbana, estea a ras do propio límite urbanizado, provocando os extremos da zona de caza rematen no urbanizado e facendo que calquera límite da zona de caza se sitúe próximo ó desenvolvemento ordinario das actividades propias dunha zona urbana.

Hai un sentir maioritario na poboación do Novo Mesoiro coincidente en solicitar que o Tecor sexa afastado da zona urbana (non eliminado) xa que logo tamén hai veciñanza da zona que é cazadora e emprega o monte nesta época para practicar a caza. Mesmo estes últimos entenden que na actualidade o límite, que comeza na propia urbanización, non é acaído xa que existe desde antes da construción do barrio, e, unha vez construído este, non se actualizou.

Xa que logo, non se está a pedir a eliminación ou supresión do Tecor senón o seu alonxamento perimetral co obxecto de que se establezan medidas de prevención para as persoas que residen neste barrio de calquera incidencia que puidese producirse.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3219
Data envío: 12/01/2017 13:49:08.625

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a tomar conciencia desta situación anómala e da incompatibilidade do Tecor coa poboación urbana, arbitrando as medidas necesarias para alonxar prudentemente os límites do Tecor da área urbana do Novo Mesoiro, atendendo así ás demandas da poboación."

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 13:42:52

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 13:42:57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:49
Nº Rexistro: 3219

Data envío: 12/01/2017 13:49:08.625

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 13:43:01

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 13:43:04

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 13:43:11

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 13:43:15

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do da súa deputada, Noela Blanco Rodriguez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, publicada no DOG 79 do 25 de abril de 2014, establece que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para o se desenvolvemento. Trátase da primeira norma dunha comunidade autónoma que ampara a diversidade sexual e establece medidas concretas para protexer as distintas manifestacións da sexualidade.

A Lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa.

Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo.

Tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración coas entidades LGTBI. Para estes fins, a garantía de que poderán concorrer ás convocatorias de axudas e subvencións coincidentes cos seus fins tamén resulta decisiva.

E, como manifestación deste apoio, o texto tamén compromete a actuación das administracións públicas galegas mediante a posta en marcha de campañas de divulgación de accións e de impulso do asociacionismo LGTBI, co obxecto de que toda a sociedade poida participar nas súas actividades e programas.

Grupo Parlamentario

Ademais, todo o citado acompáñase de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A partir destes mandatos xerais, entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza, laboral, familiar, de saúde, de educación, cultura e lecer, deporte, mocidade e comunicación.

No que incumbe ás medidas laborais, carga ao organismo con competencias en materia de traballo que elabore programas de información e divulgación normativa, dirixidos aos axentes públicos e privados das relacións laborais; e que incorporen nos seus plans de formación materiais sobre igualdade que favorezan a inclusión con independencia da orientación ou da identidade sexual.

Así mesmo, compromete á Administración autonómica para a realización dun estudo sobre a situación laboral e medidas a adoptar en relación con estes colectivos, para a súa plena incorporación ao mercado de traballo, á vez que a insta a poñer en marcha mecanismos de información e avaliación periódica.

A Lei encarga á consellería competente que promova, en colaboración coas partes sociais, un protocolo de igualdade e de boas prácticas para as relacións laborais. Por outra banda, encomenda ao Executivo autonómico a que inste as organizacións sindicais e empresariais a impulsar medidas inclusivas das persoas LGTBI nos convenios colectivos “de todos os sectores laborais”, a informar sobre a normativa en materia de discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, a promover os dereitos e a visibilidade destas nos centros de traballo e a tratar de modo específico a discriminación múltiple, de modo que se incentive a súa contratación.

Impón, como regra de principio, a imposibilidade de que existan excepcións por criterios profesionais determinantes homologables á excepción de boa fe ocupacional.

Grupo Parlamentario

En canto ás medidas no ámbito da familia, considera a unidade conformada ou integrada por persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Faise especial mención aos dereitos en materia de adopción, para esixir a garantía de que nos procesos se descarte calquera tipo de discriminación por motivos de orientación sexual ou de identidade de xénero.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Temos que significar, por último, a importancia do resto das medidas de información e promoción da igualdade, en especial entre os colectivos especialmente vulnerables así como os apoios ás vítimas da discriminación.

A pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a cotío nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

A piques de se celebrar o terceiro aniversario da súa promulgación non coñecemos ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta o Goberno galego para que:

A) Desenvolva a Lei 2/2014, do 14 de abril, convocando para iso ás organizacións LGTBI galegas e as demais administracións, coas ferramentas prioritarias que se detallan a continuación, que deben ser postas en marcha antes de que remate este ano:

1. Protocolo sanitario e educativo.
2. Incorporación de persoal formado especificamente na realidade LGTBI aos centros de información, atención, orientación e asesoramento.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Creación dun documento transitorio de identificación das persoas transexuais, residentes en Galicia, expedible a partir de que a persoa realice o tránsito social, é dicir, que manifieste socialmente o seu sexo sentido e non o sexo rexistral, e que sexa válido mentres que estas persoas non poidan acceder a modificar o seu nome e sexo no Rexistro Civil e, polo tanto nos documentos acreditativos como o DNI, constando nel tanto o nome coma o xénero e podendo ser utilizado en todos os estamentos que permita a lexislación vixente para calquera tipo de trámite en calquera administración ou acto de identificación da persoa: DNI, tarxeta sanitaria, boletíns de notas do colexio, ...

B) Modifique a Lei 2/2014, do 14 de abril, para introducir un procedemento de infracción sancionador e contemplar a realidade transexual das persoas en todas as etapas da súa vida e o dereito ao recoñecemento da identidade de xénero, entre outros.

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/01/2017 13:43:55

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2017 13:44:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/01/2017 13:44:12

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro e por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

No DOG do 24 de marzo de 2015 publicábase, en referencia á Fundación Pública Centro de Transfusións de Galicia, a “Resolución do 20 de xaneiro de 2015 pola que se convoca un proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo nesta fundación, mediante contratación laboral fixa, e se nomean os membros dos tribunais”.

Nela recóllese textualmente o seguinte:

“O Padroado da Fundación, na súa reunión do 12 de decembro de 2014, aprobou a presente convocatoria e autorizou á súa Dirección Técnica a levar a cabo os trámites oportunos para a súa execución. Así mesmo, designou os membros dos tribunais titulares e suplentes que xulgarán o proceso selectivo”.

“O presente proceso selectivo convócase en cumprimento das sentenzas firmes recaídas sobre as demandas formuladas contra a oferta de emprego convocada por esta fundación en xuño de 2005. Así, en sentenza do 10 de novembro de 2006, o Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Santiago de Compostela estimou parcialmente o recurso 757/2005 formulado contra a devandita convocatoria”.

“Posteriormente, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior, en sentenza do 21 de xullo de 2009, desestimou o recurso formulado contra a sentenza do 10 de novembro de 2006, debendo a Administración retrotraer o proceso de selección ao momento da súa convocatoria, sendo esta substituída por unha nova, na cal se cumpran os requisitos e exixencias sinalados na devandita resolución xudicial. En sentenza do 16 de xullo de 2012, a Sala do Social do Tribunal Superior resolveu en sentido desestimatorio o recurso contra a sentenza do Xulgado do Social número 1 de Santiago de Compostela”.

“Logo da negociación das bases da convocatoria coa representación sindical do Centro de Transfusión de Galicia e logo de autorización da convocatoria pola Dirección Xeral de Función Pública e Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, en cumprimento do acordado polo Padroado da Fundación, na súa reunión do 12 de decembro de 2014, e de conformidade coas competencias atribuídas nos Estatutos da Fundación (anexo do Decreto 276/2001, de adaptación das fundacións sanitarias á disposición adicional sétima da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, DOG nº 208, do 26 de outubro de 2001), a Dirección Técnica resolve convocar un proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo na Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, mediante contratación laboral fixa e nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo”.

Cando a Administración incumpre unha sentenza xudicial, o delito supón a ruptura do principio de división de poderes que sustenta o Estado de Dereito, un ataque frontal ao alicerce básico da política libre e a democracia.

O total de prazas a convocar neste proceso selectivo quedou establecido en 73, distribuídas en: 3 Medicina Hematoloxía-Hemoterapia, 16 Medicina Xeral, 4 Técnico Superior, 1 Responsable Comunicación, 23 Enfermería, 11 Técnicos



Especialistas Laboratorio, 2 Promoción Doazón, 1 Auxiliar Administrativo, 2 Auxiliar Clínica-Laboratorio, 1 Auxiliar Informática e 9 Celador, mais a día de hoxe dita oferta pública de emprego non foi efectivizada.

Polo exposto, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dar inmediato cumprimento a sentenza do 16 de xullo de 2012, da Sala do Social do Tribunal Superior, así como ao acordo adoptado polo Padroado da Fundación, na súa reunión do 12 de decembro de 2014 e coa representación sindical do Centro de Transfusión de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/01/2017 13:56:00

Luis Villares Naveira na data 12/01/2017 13:56:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232

Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 29 de outubro de 2015 a Audiencia Nacional puxo en marcha un operativo policial, mediático e xudicial contra o independentismo galego, a Operación Jaro, baseado na idea falsa de que a organización Causa Galiza actuaba como brazo político dunha suposta organización armada. A acusación susténtase sobre probas tan pouco consistentes como as de organizar actos de memoria histórica da loita independentista e as homenaxes aos mártires de Carral de 1846.

2. A Operación Jaro é un exemplo claro da utilización da xustiza (Audiencia Nacional), das forzas policiais e da administración do Estado para perseguir ideas políticas, en concreto para perseguir o independentismo político galego. Todo o operativo policial e xudicial -e o aparato mediático paralelo- non deu lugar á localización de probas da comisión de ningún delito; pola contra, puxo de manifesto a intención de investigar, perseguir e criminalizar a actividade política independentista. É así como se decretou a ilegalización de facto de Causa Galiza (suspensión catelar de actividades) e o procesamento de nove militantes baixo a acusación falsa de seren o “brazo político” dunha suposta organización armada sen armas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

3. Esta utilización espúrea e antidemocrática do aparato do Estado para perseguir ideas políticas tamén deu lugar á citación en período preeleitoral de dirixentes do BNG, coa intención manifesta de danar ao nacionalismo galego establecendo malévolas conexións entre a defensa do autogoberno e a soberanía nacional e a violencia.

4. A ilegalización da organización Causa Galiza é un acto antidemocrático xa que máis alá de poñer fóra da lei unha organización política, supón a persecución e prohibición das ideas que defende, isto é, o dereito democrático de organización do independentismo galego.

5. Un numeroso grupo de entidades e persoas de Galiza e de fóra do noso país posicionáronse públicamente en contra da ilegalización de Causa Galiza e esixindo o arquivo do proceso aberto contra nove independentistas. Mais alá das diferenzas políticas e ideolóxicas, desde o BNG compartimos esta posición e denunciámos calquera intento de persecución institucional de ideas políticas democráticas, calquera tentativa de criminalización de dereitos fundamentais.

6. O pasado mes de decembro de 2016 , a Audiencia Nacional deixou senn efecto a ilegalización de facto de Causa Galiza (suspensión cautelar de actividade). A pesar deste recoñecemento implícito da falta de base para a acusación, o tribunal mantén o procesamento de nove mltantes da organización baixo a acusación de integración en banda armada e enaltecemento do terrorismo. Resulta cando menos paradoxal que se asuma a legalidade da organización e se manteña unha acusacion tan grave contra militantes da mesma.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a que se dirixa ao goberno do Estado para

1. Condenar a ilegalización de Causa Galiza e a utilización do aparato institucional para a persecución de ideas políticas democráticas.

2. En coherencia co auto dictado o pasado mes de decembro, solicitar o arquivo da causa aberta contra nove militantes da organización”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 13:57:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 13:57:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 13:57:13

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 13:57:16

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 13:57:18

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 13:57:22



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727